

FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E
PROVINCIAS (FEGAMP)
A/A: PRESIDENTE ALBERTO VARELA

ASUNTO: RECORDATORIO DA NORMATIVA DE OCUPACIÓN DE SUPERFICIES PORTUARIAS CON DESTINO Á CELEBRACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS OU ACTIVIDADES RECREATIVAS (FESTAS, MERCADOS, TERRAZAS ETC.) NOS PORTOS AUTONÓMICOS COMPETENCIA DE PORTOS DE GALICIA.

Tras lo acordado en la reunion que mantivemos o día 10 de xuño de 2022 xunto coa directora xeral de Administración Local e o director de Portos de Galicia, traslado os puntos máis relevantes relacionados coa realización de eventos en dominio público portuario cuxa regulación recóllese na resolución de 8 de mayo de 2020 relativa a espectáculos públicos e actividades recreativas.

É unha realidade que os asentamentos dos núcleos urbanos arredor dos portos implican unha forte interacción das actividades locais coa zona portuaria, sendo tradicional a celebración de festas patronais, probas deportivas e outros eventos en terreos portuarios. Os portos como zonas de actividade pesqueira, náutico deportiva, comercial, industrial e de servizos portuarios non resultan lugares a priori aptos para todo tipo de festas e eventos de afluencia masiva de público, xa que as zonas portuarias levan asociados riscos específicos polo que debe limitarse a ocupación nas zonas de maior actividade portuaria.

Da experiencia acumulada desde a publicación da normativa de espectáculos de Portos de Galicia en 2017 e co obxecto de amparar a entrada en vigor da Lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, publicada no DOG en xaneiro de 2018, así como a posterior publicación do Decreto 124/2019 de 5 de setembro, polo que se aproba o catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da comunidade autónoma, e sempre de buscando dar maiores garantías a esta actividade ineludible en moitos municipios, no ano 2020 publicouse unha nova resolución incluíndo a grandes liñas o seguinte:

- [1] Relaciónanse expresamente aqueles eventos que poden realizarse nas distintas zonas portuarias de acordo á Lei de Portos e Espectáculos Públicos trasladando garantías ao solicitante para a planificación daquelas actividades para realizar e as zonas susceptibles de autorización. Para estes efectos, atópase publicada na web de Portos de Galicia unha relación de planos portuarios con indicación das distintas zonas en que se categoriza o porto. Por tanto clarifícase a tipoloxía de eventos e as zonas compatibles coa actividade portuaria de cada porto, estando dita información accesible para calquera interesado.



- [2] Elimínase a restrición que na normativa anterior obrigaba necesariamente a vincular os eventos a actividades relacionadas co mar e permítese un abano máis amplo de actividades.
- [3] As solicitudes tramitaranse por medios electrónicos a través de formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, axilizando e facilitando o procedemento.
- [4] Introdúcese a posibilidade de solicitar varios eventos ou actividades recreativas programadas anualmente nun único trámite e con unha única fianza, reducindo substancialmente os trámites no referente a festas patronais e outros eventos que se repiten ao longo do tempo. Cómpre anticipar que as posibles modificacións na data exacta da celebración non impiden a posibilidade desta tramitación conxunta.
- [5] Salvagárdase a actividade portuaria protexendo aos participantes nas actividades dos riscos que entraña esta actividade. Para elo, a persoa solicitante debe incluír un protocolo de seguridade, en canto a medios persoais e materiais, o que implicará a coordinación coas forzas de seguridade, servizos sanitarios, emerxencias ou protección, así como accesos e evacuación de emerxencias, entre outros.

Ao obxecto de dar resposta aos Concellos, dende Portos de Galicia, queremos trasladarlle a necesidade de planificar con antelación suficiente as solicitudes de autorización dos espectáculos públicos ou actividades recreativas a celebrar conforme ao procedemento dispoñible na web de Portos de Galicia e formalizar así os permisos en tempo e forma evitando situacións indesexables e as súas posibles consecuencias.

Lembrámoslle que cada porto ten un prazo de referencia onde se determinan as superficies potencialmente autorizables, así como o tipo de eventos que pode albergar. A ruta para acceder on line a dito procedemento de tramitación é a seguinte:

https://portosdegalicia.gal/es/solicitud_e_spectaculos

Saúdalle atentamente,

Susana Lenguas Gil
Presidenta de Portos de Galicia

